

POLITICA DE CALIDADE E SEGURIDADE DO PACIENTE

A política de calidade e seguridade do paciente da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, baséase no desenvolvemento e impulso dun modelo de xestión que permita a mellora continua da calidade e eficiencia na atención que proporcionamos aos nosos usuarios, satisfacendo as súas necesidades baixo principios de equidade e desenvolvendo actividades que permitan unha atención integral á saúde, como profesionais comprometidos coa mellora asistencial, a innovación, a humanización e a seguridade dos pacientes.

E por iso que a Dirección da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, ao fin de comunicar o seu compromiso con estes obxectivos, comprométese a fomentar e promover no eido das súas competencias:

- A calidade e seguridade dos pacientes coma enfoque estratéxico na súa xestión, promovendo unha cultura na organización de xestión baseada na eficiencia e na busca da seguridade do paciente, minimizando os riscos de eventos adversos ou evitando os mesmos, e cumprindo os requisitos legais e regulacións aplicables aos procesos.
- Diseñar e implantar un Plan de Calidade e Seguridade dos pacientes único e integral, orientado a satisfacer as necesidades e expectativas dos usuarios, e aliñado coas liñas estratéxicas de calidade e seguridade do Servizo Galego de Saúde.
- Diseñar accións de mellora asistencial en aspectos de seguridade, eficiencia, adecuación, accesibilidade, continuidade asistencial e humanización, coa participación dos profesionais e dos cidadáns, fomentando unha cultura de mellora continua e de comunicación na organización.
- Facilitar as ferramentas e recursos que sexan custo/efectivos para a implantación de sistemas de xestión da calidade e seguridade baseados en normas e estándares recoñecidos, tanto nos servizos clínicos coma nas áreas de xestión ou apoio.
- Crear e implantar modelos de atención eficientes e innovadores, para que, a través da revisión dos procedementos e prácticas clínicas, se acaden unha mellora continua e unha óptima relación de calidade, tendo en conta a asignación orzamentaria.
- Traballar na integración dos distintos niveis asistenciais, fomentando a comunicación e o uso das novas tecnoloxías, ao fin de acadar unha asistencia áxil e eficaz.
- O compromiso de cumprir con todos os requisitos aplicables para o desenvolvemento da actividade, a comunicación dos incidentes e eventos adversos ás partes interesadas e o establecemento de indicadores de control.
- A comunicación e formación á organización na cultura de calidade e seguridade dos pacientes, e na xestión de riscos en toda a organización, xa que todos e cada un dos profesionais desta Xerencia, sexa cal sexa o seu campo de actuación teñen a obriga de coñecer, cumprir e manter a política de calidade e seguridade de pacientes da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

Aprobado en comisión de dirección da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

A Coruña, 2 de decembro de 2019.